

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 8 DE

NOVIEMBRE DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día oito de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, don Óscar Alfonso García Patiño, de UniónxCambre.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Declaración institucional do Concello de Cambre sobre a abolición da pena de morte

Polo Sr. alcalde dáse lectura á declaración institucional, asinada por todos os voceiros dos grupos municipais que compoñen a Corporación:

Visto o escrito da Xunta de Galicia de 31 de outubro de 2011 co número de entrada 17727 no que se lle dá traslado a este Concello do escrito remitido pola entidade Aministía Internacional no que se solicita que se eleve ao Pleno da Corporación a aprobación dunha declaración institucional sobre a abolición da pena de morte.

Visto que o pasado 10 de outubro celebrouse o Día internacional contra a pena de morte e que o próximo 30 de novembro conmemórase o Día internacional das Cidades pola vida.

É polo que os membros da Corporación municipal do Concello de Cambre aproban, por unanimidade, a seguinte Declaración Institucional:

“O Concello de Cambre manifesta:

Primeiro: O seu absoluto respecto polo dereito á vida proclamado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e recollido no artigo 15 da Constitución Española.

Segundo: O seu firme rexeitamento á pena de morte en todo lugar e baixo calquera circunstancia, por ser unha forma de castigo discriminatoria, inhumana e irrevocable.

Terceiro: A súa exixencia de que se conmute a pena de morte aos españois condenados no mundo e que as execucións cesen de inmediato en todos os países.

Cuarto: A súa plena crenza en que a abolición da pena capital será unha realidade neste século XXI que contribuirá á creación dunha orde internacional máis humana e máis digna.

Quinto: O seu interese en que as institucións internacionais e, en concreto, a Asamblea Xeral das Nacións Unidas aproben resolucións pro moratoria das execucións capitais en prol da abolición definitiva da pena de morte.

Sexto: Dar traslado da aprobación da presente declaración institucional á entidade Amnistía Internacional.”

2º Aprobación, se procede, dos proxectos básico e de execución da obra denominada “Equipamentos sociais: Casa da Cultura”, e solicitude á Excma. Deputación Provincial, de modificación do convenio formalizado

Vista a proposta de Alcaldía de data 3 de novembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 7 de novembro de 2011.

O Sr. alcalde informa que acaba de chegar da Consellería de Cultura e Turismo, o informe favorable da Comisión de Patrimonio para facer as obras de reforma do edificio, agás o acondicionamento externo da parcela, que non ía incluído neste proxecto, pero que se vai presentar para telo tolo preparado o 31 de decembro.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo parécelle unha obra importante a realizar no concello. Trátase de preservar o que é o patrimonio de todos os cambreses, e niso están totalmente de acordo.

Di que hai unha serie de cuestións nas que si teñen algunha discrepancia, como pode ser o tema da clasificación, xa que eles non queren dubidar de que sexa o que legalmente se ten que esixir á empresa que faga as obras, pero parécelles unha clasificación algo específica, e que vai limitar un pouco o acceso a empresas de Cambre que poderían optar a realizar esta obra.

Cren que este é un tema importante. Hai uns días acaban de ter unha reunión cos empresarios de Cambre, na que quedou patente por parte de todos os grupos o compromiso que teñen cos empresarios, autónomos e coas distintas Pymes do concello.

Visto o orzamento que hai, un orzamento elevado de case 1.400.000 euros, cren que, ao mellor, debería de abrirse, ou dar máis opcións na clasificación, para que poidan optar empresas do concello que teñen unha clasificación técnica superior a esta, pero que non teñen esa cualificación máis específica á que se referiu onte a arquitecta municipal na comisión informativa, cando explicou que era unha obra de rehabilitación. Pensan que é necesario que se faga todo o que poida redundar nas empresas do concello.

Continúa dicindo que tamén cren que é moi importante facer un bo seguemento da obra, e sobre todo á hora de recepcionala, que se faga con todas as garantías de que todo iso estea perfectamente, para que non haxa problemas no futuro.

Respecto do custo, di que están de acordo en que se van investir 1.400.000 euros, 800.000 que veñen da subvención da Deputación que xa constaba de etapas anteriores, os 400.000 do FEDER, e os 177.000 que se fan constar como fondos propios, e que eles entenden que é o que corresponde á execución do aval da empresa promotora.

Conclúe dicindo que, á vista de todo o anterior, o voto do seu grupo vai ser o das comisións, abstención.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que a clasificación, como expuxo onte a arquitecta municipal, é tan específica porque non é unha obra nova na que poidan establecer unha clasificación máis ampla, aquí están falando de rehabilitación.

Di que o que están intentando é que veña unha empresa que saiba o que ten que facer, porque existe a posibilidade de que se poidan atopar con problemas específicos cando haxa que tratar a cuberta ou a estrutura, problemas que ao mellor non se detectaron na prediagnose. Por iso necesitan a alguén que saiba destes temas, e non vale calquera persoa, igual que se buscou no seu momento arquitectos especializados en rehabilitacións.

Conclúe dicindo que tamén especifican esa clasificación porque están buscando empresas cunha solvencia acreditada, xa que, tendo en conta os tempos que corren, esperan que as empresas que veñan respondan, e que non lles pase, por exemplo, o que agora está pasando con Raminosa.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández, voceiro suplente de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, pero queren facer dúas salvidades. En primeiro lugar, respecto dos prazos de entrega dos proxectos, e que esperan que non volva a ocorrer no futuro, que se lles entrega a documentación o xoves para tratala o luns ou o martes.

A segunda salvidade refírese a que pide que a obra neste edificio se faga aproveitando as subvencións, non que despois, ao final, custe cartos ao concello.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que queren redundar un pouco no que viñeron dicindo ata agora en relación con este proxecto. O seu grupo, a pesar das profundas discrepancias que manifestaron en anteriores ocasións, quere contribuír, e así o manifestaron noutros plenos, a que non se perda a subvención.

Non obstante, como tamén dixeron, queren salientar que a situación do edificio non é a mellor para os usos que se prevén. Cre que coinciden niso con outros grupos, e incluso co equipo de goberno, no mal acceso que ten esa edificación, a mala localización e o deficiente aparcamento, a pesar dos esforzos que se están facendo para poder ampliálo. É unha zona que haberá que dotar dunhas importantes medidas de seguridade no plan viario, tendo en conta que a ese edificio van ir moitas persoas, e que necesariamente terán que atravesar unha vía de importante circulación, co conseguinte perigo que iso supón.

Continúa dicindo que esta foi unha aposta do actual goberno municipal, e a eles xúrdenlles unhas dúbidas que lles gustaría clarificar, como son as previsións que o goberno fai para o futuro mantemento do edificio, xa que vaise dotar a ese edificio dunhas infraestruturas importantes, vaise facer un investimento importante, pero iso van ter que mantelo, o cal suporá un custo moi importante. Pregunta se hai unha planificación e unhas previsións para o futuro. Trátase dun investimento que nun principio ía ser de máis de 3 millóns de euros e que agora vai estar en torno ao 1.400.000, o que quere dicir que van quedar case 2 millóns para investir noutras actuacións anexas, como é a urbanización do xardín e incluso, como se dixo onte na comisión informativa, para dotar de mobiliario o edificio.

Di que están falando dun investimento que, se non se equivoca, é o maior de todos os que se fixeron na pasada lexislatura en Cambre. Un investimento que poden dicir equivale á compra de 15 pisos en Cambre, un investimento importantísimo no que van quedar case 2 millóns de euros que non saben ben onde se van investir.

Conclúe dicindo que o seu grupo, sendo consecuente co manifestado en anteriores plenos, vai manter o voto de abstención, e o tempo dará ou quitará a razón en relación a esta aposta que fixo o goberno municipal para converter Vila Concepción no que eles chaman Casa da Cultura, sen olvidar, non obstante, que en Cambre, o grupo municipal

de EU, non renuncia a que haxa realmente unha Casa da Cultura adaptada á demanda que teñen dos veciños.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser a prol, o cal non significa que estean de acordo coa política cultural do goberno municipal. Di que coa aprobación do proxecto de rehabilitación de Vila Concepción non quedan satisfeitas as necesidades en infraestruturas culturais que Cambre necesita, é máis, esta actuación non soluciona nada. Pide que non se leven a engano, con esta actuación non conseguen nada máis que a recuperación para uso público dun edificio senlleiro do concello, que dirán algúns non é pouco, pero para o BNG si.

Sinala que todas as actividades culturais que se van desenvolver nesta edificación, en maior ou menor medida, víñanse realizando por distintos espazos do concello. A primeira necesidade cultural actual do concello é un auditorio, pequeno, mediano ou grande, pero unha instalación que é imprescindible para un concello de 25.000 habitantes como ten Cambre, co agravio comparativo que a maioría dos concellos do contorno, moitos deles con moita menos poboación, xa dispoñen. Pero as présas anulan a planificación cultural, e a falta de programa do PP non pode máis que levalos a esta situación, tiveron máis de 30 anos de “tonechismo” e seguen igual.

O Sr. alcalde agradece a súa intervención ao voceiro do BNG, aínda que lle di que el entende que as planificacións fanse de ano a ano. En todo caso, agradece as críticas construtivas, recoñece que teñen que planificar, pero dille que non pode pretender que en catro meses vaian desplanificar todo o planificado por gobernos anteriores.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que vai manter o voto da comisión informativa, a abstención. Di que xa no seu momento, cando veu a pleno o cambio de localización da Casa da Cultura para trasladala de Cambre á parroquia do Temple, manifestou a súa oposición, porque pensaba que non era o mellor sitio, pola falta de accesos, de zona de aparcadoiro, etc., e segue mantendo o mesmo, que o que se vai facer alí non é unha verdadeira Casa da Cultura.

Conclúe dicindo que deben ser máis ambiciosos, aínda que mantén o seu voto de abstención porque non quere votar en contra para non prexudicar o proxecto e a obtención da subvención.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, agradece a todos os grupos o seu apoio, ou o seu voto de abstención, que lles vai permitir executar a rehabilitación dun dos poucos edificios senlleiros que ten Cambre, e un dos poucos que é propiedade do concello. Di que era un compromiso electoral do seu grupo intentar recuperar o patrimonio municipal, porque cren que un pouco faise recuperando a súa historia, e parte desa historia está neses edificios senlleiros.

Por outra parte, en canto ao tema do mantemento, é un tema que tamén lles preocupa. Na reunión que tiveron da xunta de voceiros, na que intentaron consensuar os usos para este edificio, acordaron deixar alí un espazo para unha concesión que se vai levar gran parte dos gastos correntes que vai ter ese edificio. Pero, ademais, a idea orixinal da Casa da Cultura primitiva era conseguir ceder o edificio do centro de saúde de Cambre á Xunta, para aforrar todos os gastos de mantemento que agora están tendo. Probablemente saíran gañando en gasto corrente se consiguen levar a biblioteca a outro edificio, que é o que queda agora. El cre que por aí o tema vai estar bastante garantizado.

Quere agradecer as posturas dos grupos porque todos saben que os prazos están bastante axustados, e que as opcións que tiveron para os proxectos herdados doutros gobernos, era bastante axustadas. O actual goberno municipal tentou acelerar todos os prazos para poder sacar a licitación a execución das obras antes de final de ano, porque agora quedan máis ou menos dous meses e medio de contratación e oito meses de obras. Vanse meter a finais do ano 2012, que é a data que teñen para xustificar a subvención.

Conclúe dicindo que aceleraron o máis posible todos os trámites e dille ao voceiro de UxC que piden desculpas, pero que esa urxencia foi a que os obrigou a convocar o pleno o mesmo día que recibiron o proxecto. O xoves eles recibiron o proxecto, e o mesmo xoves o puxeron a disposición dos partidos, para que o puideran analizar.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández explica que o que eles piden é que no futuro non se volvan dar estas premuras de tempo neste tipo de actuacións, porque, dende logo, el non é experto en analizar un proxecto deste tipo, pero moito menos co tempo de que dispuxeron.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que aquí se falon de diversos supostos, de posibles localizacións do centro de exposicións do centro de saúde. Levan falando diso catro anos, e pensa que deberían haber unhas previsións de futuro, porque todo isto vai supoñer uns custos moi importantes. Non sabe se a concesión da que se falou, que é unha concesión de hostelería, para unha cafetería, pode suplir estes custos. Hai unha declaración de boas intencións que lle parece ben, pero cre que deben telo en conta para os vindeiros orzamentos, porque esta actuación supón un mantemento importante, e unha infraestrutura con persoal que debe estar no edificio da mañá á noite. Pódense encontrar cun gasto bastante importante.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros do BNG e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM.

A Corporación, por doce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar os proxectos básico e de execución de rehabilitación e restauración para equipamentos sociais: Casa da Cultura, redactados por “*Ezcurra y Ouzande Arquitectura S.L.P.*” cun importe de execución por contrata de 1.378.726,61 euros.

Segundo: Remitir o dito proxecto á Deputación Provincial da Coruña solicitando a modificación do convenio de colaboración formalizado o 4 de maio de 2011, así como o mantemento da subvención concedida por importe de 800.000 euros.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia